



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA
Curso Académico: 2013/14

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	250224
Rama de coñecemento	CIENCIAS DA SAÚDE
Universidade solicitante	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRIA
Centro onde se imparte o título	FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRIA
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	...
Responsable do título	DECANA: Luz M. Gigirey Prieto
Correo electrónico do responsable do título	zoptdeca@usc.es
Curso de implantación do título	2010/11
Data última acreditación	03/05/2010
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	COMISIÓN DE TÍTULO
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	XUNTA DE FACULDADE

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	Grao en Óptica e Optometría http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
Número de créditos e duración do título	http://www.usc.es/gl/centros/opto/terminacion.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Óptica e Optometría http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
Coordinador/a e/ou responsable do título	MA JESÚS GIRÁLDEZ FERNÁNDEZ Decana: Luz M. Gigirey Prieto http://www.usc.es/gl/centros/opto/goberno.html
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Óptica e Optometría http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s
Tipo de ensinanza	Presencial (curso ponte – semipresencial) http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	Grao: 60 prazas – Curso Ponte: 40 prazas http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
Idiomas en que se imparte o título	Castelán e Galego
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Normativa de permanencia	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Normativa de transferencia e	http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9

recoñecemento de créditos	
Memoria vixente do título	http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html A memoria usada para a verificación do título non está totalmente volcada na aplicación Do Ministerio. http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html#cc_saude
Obxectivos do título	http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Competencias xerais	http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Competencias específicas	Páx 5, MVT http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html#cc_saude
Criterios de acceso e admisión	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/index.html http://www.usc.es/sxa/index.php http://ciug.cesga.es/index.html
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html
Plan de acción tutorial	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Perfil de ingreso recomendado	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	-----
Programas de mobilidade	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/portal_internacional/movilidad.html
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe ¹	http://www.usc.es/gl/centros/opto/modules/news/news_0005.html
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose	-----

o caso	
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9
Horarios	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/Horariosgrao.html
Guías docentes/Programación docente ²	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/traballoFG.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/TFG13_14.html
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/convenios.html http://www.optica-optometriausc.com/
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/departamentos.html
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	http://www.usc.es/opencms/ql/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/PAS.html http://www.usc.es/ql/centros/opto/xescampus/G2041V01/info.html
Aulas e seminarios	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html
Laboratorios	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html
Salas de informática	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html
Salas de estudo	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html
Biblioteca	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html http://www.usc.es/ql/servizos/biblioteca/
Outros servizos	http://www.usc.es/ql/centros/opto/index.html

disponibles	http://www.usc.es/gl/centros/opto/servizos.html http://www.usc.es/gl/servizos/
Espazos para os representantes de estudantes	http://www.usc.es/gl/centros/opto/Alumnos.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html
Taxa de graduación	a taxa graduación non se pode calcular ata o curso 15-16
Taxa de abandono	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 (outra información)
Taxa de eficiencia	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 (outra información)
Taxa de rendemento	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 (outra información)
Taxa de éxito	http://www.usc.es/opencms/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9 (outra información)
Taxas de inserción laboral	http://www.usc.es/gl/centros/opto/informes_complementarios.html
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/goberno.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/organoscolexiados.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/Comisions.html
Política e obxectivos de calidade	-----
Manual e procedementos do SGC	http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html http://www.usc.es/gl/centros/opto/modules/calidade/news_0003.html

¹ **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

² **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio³							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>O título de Grao en Óptica e Optometría e unha titulación de ciencias de saúde que habilita para o exercicio dunha profesión regulada por Ley, a de Óptico Optometrista. Así, os contidos do Grao en Óptica e Optometría axustanse ó establecido na Resolución de 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, pola que se publica o "Acuerdo del Consejo de Ministros, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudios conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de Óptico-Optometrista", e ás Directrices Propias desta titulación (Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo, por la que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Óptico-Optometrista). A titulación, única no SUG, imparte ensinanza de tipo presencial para o Grao e semipresencial para o curso ponte.</p> <p>Dende a súa implantación, ofértanse 60 prazas (IN01G-PC-05) para alumnado de novo ingreso en primeiro de Grao e 40 no Curso Ponte de adaptación ao Grao para Diplomados en Óptica e Optometría. No curso 2013-2014, a matrícula de novo ingreso foi de 104 alumnos/as (IN03G-PC-05), dos cales 61 corresponden a alumnos/as de primeiro de Grao que inician estudos por primeira vez (IN04G-PC-05) e 42 ao Curso Ponte para Diplomados/as en Óptica e Optometría. A Facultade de Óptica e Optometría non dispón dun indicador único para o Curso Ponte, senón que se toman estes datos do desglose do indicador IN04G-PC-05; porén, consideramos que é necesaria a vixilancia da evolución da matrícula deste curso a través dun indicador propio coa finalidade de determinar a súa demanda e ocupación e poder estimar o curso académico no que debería solicitarse a súa extinción. O número de solicitudes de praza en primeiro de Grao, segundo datos da CIUG, no curso 2013-2014 foi de 376 solicitudes, pechando a matrícula na 4ª chamada cón 103% das prazas de novo ingreso ocupadas. A porcentaxe de alumnos/as matriculados/as sobre prazas ofertadas en 1º de Grao (IN12G-PC-05) é do 101,67%. No curso ponte, e segundo datos do Servizo de Xestión Académica da USC, solicitaron praza 121 alumnos/as, (que en porcentaxe sobre prazas ofertadas é un 302%).</p> <p>Do total do alumnado de novo ingreso, o 51,67% (IN10-PC-05), corresponde ao alumnado preinscrito no Grao en primeira opción. Este Indicador é moito mellor que nos cursos anteriores, onde o seu valor foi: 36,67% no curso 2012-2013, 25% no 2011-2012 e, 43,33%, no 2010-2011. É necesario indicar que a reflexión sobre a variación deste indicador permitiunos detectar un erro no seu cálculo para os cursos 2010-2011 e 2011-2012. Dito erro foi verificado pola área de calidade da USC rectificando os valores do indicador para os cursos mencionados con anterioridade.</p>							
BOAS PRÁCTICAS⁴							
Mantemento da páxina web actualizada.							
Creación na páxina web da Facultade dun enlace ao xestor de prácticas tuteladas							
Incorporación dun espazo para o PAS e outro para o alumnado.							
Inclusión na páxina web de enlaces a bolsas de traballo.							
Creación dun formulario para ofertar postos de traballo vía web							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Crear documentación da titulación, saídas profesionais; para a súa difusión en educación secundaria.							
Ofertar xornadas de portas abertas aos centros de secundaria para dar a coñecer a titulación							
Folleto informativo propio sobre a titulación							
Folleto divulgativo para o programa A Ponte, e en centros de educación secundaria							
Mellora da web e información sobre o título, que inclúa algúns dos resultados do título e resultados xerais de enquisas							
de calidade da docencia, incorporando na web da titulación unha sección de "Destacados" e "preguntas frecuentes", onde se poida acceder a aquela información máis demandada e/ou relevante de maneira directa .							

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

³ **Niveis de valoración:**

- * **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- * **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- * **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- * **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

⁴ **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>Das 60 prazas ofertadas (IN01G-PC-05) para o alumnado de novo ingreso en 1º de Grao cubríronse 61 de inicio de estudos (IN03-PC-05). O indicador IN05G-PC-05 que amosa a taxa de variación relativa (en porcentaxe) da matrícula de inicio de estudos acadou un valor de 5,17.</p> <p>O número de estudantes preinscritos en primeira opción e matriculados por primeira vez sobre o total de prazas ofertadas (IN10G-PC-05) foi de 51,67%, moi superior a do curso pasado (36,67%). E a nota media de acceso por preinscrición (IN06G-PC-05) alcanzou un valor de 8,1, que é case medio punto inferior ao valor alcanzado no curso anterior (8,64). A análise dos dous indicadores xuntos reflicte que aínda que a nota de corte sexa máis baixa, neste curso temos máis alumnado interesado de verdade na titulación.</p> <p>No curso ponte, o número total de solicitudes de admisión diminuíu de 153 solicitudes no curso 2012/2013 a 121 no curso 2013/2014, cubríndose todas as prazas ofertadas (40). Non existe un indicador da demanda do curso ponte, polo que o centro ten previsto á súa definición e inclusión no SGIC, por considerar que este dato debe ser vixilado para poder definir o curso no que se debe solicitar a retirada da oferta do curso ponte.</p> <p>A Facultade de Óptica e Optometría está en contacto co Colexio Nacional de Ópticos Optometristas a través da súa delegación en Galicia VI rexión. Segundo o Colexio de Ópticos o número de solicitudes de colexiación a finais de 2013 foi de 46 solicitudes como colexiados exercentes e de 3 como non exercentes. Aínda que somos conscientes de que este dato non reflicte o grao de inserción laboral, si que é unha medida da situación laboral do sector, que se mantén estable nos últimos anos. Por outra banda, o Colexio de Ópticos Optometristas de Galicia mantén un acordo de Colaboración co SERGAS denominado OLLO COS OLLOS, que nace da necesidade dunha atención primaria rápida, eficaz e de calidade no que atinxe á visión. Segundo datos do Colexio de Ópticos Optometristas, no curso 2013-2014 había 570 establecementos de Óptica adheridos ao convenio e un total de 903 Ópticos Optometristas. Dende a súa firma (19/10/2006) atendéronse 270885 pacientes, dos cales 44.777 foron atendidos no ano 2013 e 16406 nos primeiros 6 meses do ano 2014. Da totalidade dos pacientes atendidos, un 21,34% foron derivados ao oftalmólogo. Estes datos, reflicten a importancia que a atención primaria ten no Sistema Nacional de Saúde, e cómo unha adecuada atención primaria conleva un aforro de custes en atención especializada.</p> <p>O informe INF12 (informe complementario definido no SGIC), que corresponde ao informe de inserción laboral dos titulados, e que neste caso é dos Diplomados en Óptica e Optometría egresados do curso 2009/2010 reflicte que o 73% dos titulados está traballando e un 70,3% ten un posto de traballo relacionado coa súa Titulación, sendo o tempo medio en atopar emprego dende que se titularon de 3,04 meses. Os datos de inserción laboral son un pouco peores que para os diplomados do curso 2008/2009, no que o 88% dos nosos titulados desempeñaba un traballo relacionado coa titulación, a crise económica en España xustifica a diminución da taxa de inserción laboral xa que unha das saídas profesionais dos Ópticos Optometristas, as ópticas, sufriu a crise coma moitos outros negocios. Atendendo á diminución das ofertas de emprego que non a unha baixa empleabilidade, parece que a decisión tomada pola Facultade de ofertar 60 prazas de inicio de estudos, en lugar das 80 que figuraban na Memoria de Verificación do Título foi acertada. O próximo curso teremos os primeiros datos de inserción laboral para os alumnos do grao e poderemos ratificar a anterior afirmación.</p> <p>Destacar que no informe elaborado polo <i>Ministerio de Educación, Cultura y Deporte</i></p> <p>http://politica.elpais.com/politica/2014/10/28/actualidad/1414494848_877753.html</p> <p>os egresados da titulación en Óptica e Optometría son os segundos titulados españois que antes acceden ao mercado laboral, en postos relacionados coa súa titulación.</p> <p>Segundo o informe elaborado anualmente polo periódico El Mundo, a titulación de Grao en Óptica e Optometría da USC é a quinta máis demandada do Estado.</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
<p>O Servizo de Optometría (Facultade de Óptica e Optometría) da USC colaborou coa Asociación Galega para a Prevención do Glaucoma, o día 5 de abril de 2014 con motivo do Día Mundial da Saúde, nun evento no que 17 alumnos de terceiro curso de Grao participaron nunha xornada de prevención de glaucoma aplicando probas de cribado a 130 persoas.</p>							

PROPOSTAS DE MELLORA:

Ofertar xornadas de portas abertas aos centros de secundaria para dar a coñecer a titulación
Fomentar a participación do alumnado en campañas, foros e mesmo en publicacións relacionadas coa titulación

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>No curso 13-14 completouse a implantación do Grao en Óptica e Optometría, polo que o alumnado egresado é a primeira promoción de Ópticos Optometristas graduados. Se ben a taxa de graduación, que se corresponde co indicador IN37G-S01-PM-01, non se pode calcular ata o curso 2014-2015, podemos adiantar que o número de alumnos/as egresados/as no curso 2013-2014, segundo datos da Vicerreitoría de Calidade da USC, foi de 30 egresados no Grao e 21 no Curso Ponte.</p> <p>O indicador satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01) ten un valor de 3,62 sobre 5. Esta valoración é lixeiramente inferior á media da Universidade (3,78) e á media da Rama de Ciencias da Saúde (3,81), segundo o informe remitido pola USC ao Decanato a partir das enquisas de opinión do estudiantado. Aínda que os datos non son completamente satisfactorios, a media de satisfacción coa docencia recibida aumenta en cada curso académico (no curso 2012-2013 a media foi 3,61 e no 2011-2012 foi 3,45).</p> <p>O indicador IN19G-PC-09, ten un valor de 4,03 sobre 5 e reflicte o grao de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas. No Grao en óptica e optometría, estas prácticas externas corresponden ás Prácticas Tuteladas. A porcentaxe de estudantes que participou no proceso de avaliación foi do 35,05%. Dende que a USC optou pola realización on-line das enquisas de satisfacción, a participación diminuíu de forma drástica polo que consideramos necesario incentivar a participación do alumnado neste proceso, para poder obter resultados máis fiables. Ademais, e como non se dispón dos datos relativos ao indicador da adquisición de cada unha das competencias do título, realizáronse enquisas o estudiantado nalgunhas materias, adecuando o tipo de enquisa as características destas. Isto permítenos coñecer a satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, e a súa valoración sobre as competencias adquiridas. Realizaróñse nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II, Clínica Optométrica III, materias nas que a enquisa adaptase ás competencias específicas recollidas nas Directrices Propias desta titulación (Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo) e que poñen de manifesto que entre o 85% e o 97 % do alumnado mostran un alto grao de satisfacción coa docencia recibida e na súa consideración de adquisición de competencias, se ben cabe salienta que unha alta porcentaxe do alumnado tamén considera que o número de pacientes reais debería incrementarse, incluíndo ademais máis pacientes de diferentes tipoloxías.</p> <p>Tamén se realizaron nas materias Optometría IV, Deontoloxía e Lexislación Optométrica, e Prácticas Tuteladas . Os resultados de ditas enquisas son os seguintes: na materia Optometría IV avaliáronse as competencias específicas CE4-CE5-CE6-CE9 por medio da avaliación continua e presentación dun informe práctico titorizado de cada paciente revisado polo/a alumno/a en prácticas; ademais leváronse a cabo enquisas de satisfacción propias da materia (clases expositivas e prácticas clínicas), cunha participación de 46/54 matriculados e con resultados do 93% de satisfacción pola docencia recibida, un 50% das enquisas solicitaban un incremento do número de horas prácticas da materia.</p> <p>Na materia Deontoloxía e Lexislación pasáronse enquisas de satisfacción con resultados do 68,1% sobre un total de 46/52 matriculados.</p> <p>No caso de Prácticas Tuteladas houbo unha participación de 34 alumnos de 51, os resultados da enquisa de satisfacción foron do 82,70% cunha valoración da titorización dun 41,30% e unha valoración das competencias xerais da aprendizaxe do 65,50%. As competencias específicas CE4-CE5-CE6-CE9, foron avaliadas a través de avaliación continua mediante o informe do titor específico de cada centro óptico-optométrico e a memoria final de prácticas.</p> <p>Cómpre salienta, en relación ás competencias específicas establecidas para o Grao en Óptica e Optometría na Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo, que a adquisición de ditas competencias está relacionada co número de prácticas clínicas sobre pacientes reais, prácticas que se imparten nun módulo de 5 alumnos/as por profesor (de acordo co módulo que a USC lle da as prácticas clínicas sobre pacientes humanos) e que son un garante de adquisición de ditas competencias. Este criterio está en consoancia coas exixencias do Diploma Europeo en Optometría (establecido polo "European council of Optometry and Optics" (ligazón na páxina web da Facultade http://www.ecoo.info) e co establecido polo General Optical Council, que xustifican a adquisición de competencias en optometría polo número de pacientes reais vistos por alumno/a. O alumnado do Grao en Óptica e Optometría desenvolve, de maneira supervisada, actividade clínica propia da titulación sobre pacientes reais no Servizo de Optometría da USC (centro autorizado como centro sanitario, e inscrito no rexistro de Centros, Servizos e Establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia co número C-</p>							

15-002430) nas materias: Clínica Optométrica I (4,5 créditos), Clínica Optométrica II (4,5 créditos), Clínica Optométrica III (6 créditos). O número de pacientes reais vistos polos alumnos no curso 2013-14 foron un total de 608, o que supón unha ratio de 60 pacientes por alumno/a, segundo os datos do Servizo de Optometría

BOAS PRÁCTICAS

Implantación dun sistema propio de avaliación de adquisición das competencias específicas no Grao nas materias de - Prácticas tuteladas- Clínica Optométrica I-Clínica Optométrica II-Clínica Optométrica III-Optometría IV - Deontoloxía e Lexislación.

Implantación das enquisas de satisfacción para Prácticas Tuteladas.

Solicitud da segunda convocatoria de Prácticas Tuteladas e TFG para o alumnado que cumpra os requisitos no primeiro semestre.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Enquisa sobre a titorización do TFG

Enquisa para control da docencia práctica no SERGAS

Fomentar a participación do alumnado nas enquisas de calidade do centro

Aplicar a avaliación de adquisición de competencias de acordo co Diploma Europeo, nas materias clínicas que se imparten no servizo de optometría (Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III).

Engadir un indicador propio do centro sobre o número de pacientes reais en clínicas.

Incrementar o número de pacientes de distintas tipoloxías nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III.

Implementación das enquisas de satisfacción para Traballos Fin de Grao.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
4. Acceso e admisión de estudantes							
<i>Valorarase o criterio de “Acceso e admisión de estudantes” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>O proceso de admisión nos graos das Universidades Galegas realízao a CIUG e o proceso de matrícula do alumnado admitido nas titulacións da USC está centralizado nas Unidades de Xestión Académica, polo que o centro non ten competencias neste proceso.</p> <p>Dende a implantación do Grao, a primeira semana de clase, realízase unha Xornada de Acollida para o alumnado de 1º curso. Dita Xornada ten dúas partes ben diferenciadas; na primeira, o Equipo Decanal e a Directora do Servizo de Optometría, adscrito ao centro, informan ao alumnado de cuestións relevantes en relación á Institución, ao centro e á titulación, por exemplo, infórmase da páxina web do centro, do apartado de novas da titulación, e recórdaselle a necesidade de acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira para poder obter o grao, tamén sobre os exames do Centro de Linguas Modernas para acreditar dito nivel. Na segunda parte da xornada, que ten lugar na aula de informática do centro, o persoal da Biblioteca Intercentros (Facultade de Física-Facultade de Óptica e Optometría) e o técnico informático responsable da aula, informan ao alumnado dos servizos da biblioteca e dos procedementos que poden realizar on-line: busca de libros ou artigos nas bases de datos, solicitudes de préstamo, renovacións de libros etc.</p> <p>No curso 2012-2013, 4 alumnos/as da Facultade participaron no “Programa de Tutores” da USC e tamén nesta xornada de acollida na que explicaron os procesos que debe realizar o alumnado novo para solicitar as TUI, a oferta deportiva da USC e cómo acceder ás instalacións deportivas, ao finalizar a xornada fixeron unha pequena visita guiada polo centro. En relación aos mecanismos de captación de alumnado, dous membros do persoal docente da Facultade colaboran activamente no Programa “A Ponte”, tanto impartindo charlas nos centros de Ensinanza Secundaria como nos “Encontros na zona USC 2013” nos que participaron tamén os/as alumnos/as tutores.</p> <p>O indicador IN12G-PC-05 reflicte a porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas, o seu valor é de 101,67%, sendo lixeiramente superior ao do curso pasado (96,67%), a evolución deste indicador é bastante estable ao longo dos 4 anos dende a implantación do grao, alcanzou o seu máximo valor no curso 2010-2011 (103,33%) e o mínimo o curso 2012-2013 (96,67%)</p> <p>A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación cunha puntuación igual ou maior de 6 foi dun 100% (IN07G-PC-05) case dous puntos por riba do valor do curso anterior (98,28%), e a nota media de acceso por preinscrición foi de 8,1 (IN06G-PC-05), medio punto menos ca no curso 12/13 (8,64).</p> <p>O indicador IN10G-PC-05, indica o porcentaxe do alumnado preinscrito en 1ª opción e matriculado por primeira vez, que ten un valor do 51,67%, superior ao 36,67% do curso anterior, acadando o máximo valor dende a implantación do Grao. Segundo datos da CIUG, o 25,8% solicitou o Grao en Óptica e Optometría en segundo lugar e o 12,9% en terceiro lugar, polo que aproximadamente o 90% do novo alumnado accede á titulación que priorizou na súa elección.</p> <p>No Curso Ponte, e segundo datos do Servizo de Xestión Académica da USC, solicitaron praza 121 alumnos (que en porcentaxe sobre prazas ofertadas é un 302%), matriculáronse 42 alumnos. O acceso ao Curso Ponte realízase unicamente tendo en conta a media do expediente académico do alumnado solicitante. Segundo datos da Unidade de Xestión de Matrícula da USC a nota media de acceso para o Curso Ponte foi de 6,62, medio punto por debaixo da nota media de acceso do curso 2012/2013 (7,18)</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
<p>Pasar a enquisa propia do centro ao alumnado de novo ingreso na Xornada de acollida.</p> <p>Incorporouse na páxina web da Facultade unha ligazón ao Centro de Linguas Modernas.</p> <p>Incorporáronse na páxina web da Facultade ligazóns da oferta de emprego do CNOO e do CNOO-Galicia, asemade creouse un formulario para ofertas de traballo.</p>							

PROPOSTAS DE MELLORA:

Mellorar a enquisa propia na Xornada de acollida do alumnado de 1º

Elaboración e posta en marcha do curso de formación para redacción do TFG para o alumnado.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Planificación da enseñanza" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

No curso 2013-2014 completouse a implantación do Grao cun total de 304 alumnos/as matriculados/as (IN02G-PC-05)

No informe "Análisis de la evaluación de los planes de estudio de grado en el ámbito de las Ciencias de la Salud (2008-2011). Propuestas y recomendaciones", publicado pola ANECA en febreiro de 2013, apúntase, máis ou menos de maneira literal que "nos títulos que conducen a unha profesión regulada, como a de Óptico Optometrista, o/a estudante só pode adquirir certas competencias cando se está en contacto directo co paciente ou no centro sanitario/clínico onde se desenvolven as prácticas", polo que "é imprescindible que haxa un alto grao de presencialidade nas materias/asignaturas de carácter práctico/clínico, de acordo coas competencias que estas inclúen" e "considéranse necesarias para garantir a plena adquisición das competencias específicas da profesión á que da acceso o Título, sobre todo as que incorporan un compoñente práctico de *realizar e aplicar intervencións específicas ou tratamentos en...*" Neste sentido, no Grao en Óptica e Optometría teñen unha especial relevancia as prácticas clínicas desenvolvidas no Servizo de Optometría do centro, autorizado pola Xunta de Galicia como centro sanitario para atención optométrica (C-15-002430). Neste servizo no curso 2013-2014, impartíronse un total de 900 horas de docencia nunha ratio de 90 horas de prácticas/alumno, nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III, cun total de 608 pacientes neste curso. O Servizo de Optometría, como centro de atención primaria de saúde ocular e visual, recibe pacientes da poboación en xeral, sendo a maioría da comunidade universitaria. O Servizo de Optometría estableceu no curso 2013-14 un Convenio co Servizo de Vixilancia da Saúde para Atención asistencial cos profesionais da USC, Avaliación da función visual, Exame da saúde ocular, Elaboración de informes optométricos e de remisión, e para a realización de probas de detección e diagnóstico do Síndrome de Ollo Seco Evaporativo.

No 4º curso, é moi importante o labor do coordinador das Prácticas Tuteladas, que se ocupa do seu seguimento nos centros ópticos aos que acude o alumnado ao amparo do Convenio de Prácticas subscrito co Colexio Nacional de Ópticos Optometristas. No curso obxecto deste informe realizáronse as Prácticas Tuteladas un total de 38 alumnos/as de Grao e 14 do Curso Ponte cun un total de 312 horas prácticas/alumno, e o seu grao de satisfacción na realización das prácticas foi de 4,03 (IN19G-PC-09). O centro realiza a convocatoria de Prácticas Tuteladas para cada curso académico e publica a convocatoria na páxina web do centro e na aplicación desenvolvida no curso 2012-2013 para a xestión destas. Na convocatoria figura o prazo de preinscrición para o alumnado e para as ópticas e centros optométricos que oferten prazas de prácticas. Logo das correspondentes validacións (do alumnado polo coordinador de prácticas e das ópticas e centros optométricos polo Colexio de Ópticos), publícase a lista definitiva de admitidos e convócase ao alumnado a un acto público no que se realiza a asignación de prazas, por expediente académico.

Á hora de poñer en marcha o proceso de asignación de prazas de Prácticas Tuteladas detectouse que parte do alumnado adaptado ao Grao dende a Diplomatura en Óptica e Optometría non podían realizar as Prácticas Tuteladas por ter pendentes materias dos primeiros cursos, froito do proceso de adaptación (non existían esas materias na Diplomatura). Solicitouse á Secretaría Xeral a autorización, a través dunha Resolución Reitoral, para que dito alumnado (algún só cunha materia pendente de primeiro curso e o resto das materias do Grao aprobadas), puidera facer as prácticas e o TFG. Tamén se solicitou a implantación no curso 2014-2015, dunha convocatoria de Prácticas Tuteladas no primeiro semestre do 4º curso co obxecto de que o alumnado que cumpran os requisitos establecidos na memoria do Grao a inicio do curso, non teñan que esperar ata o segundo semestre para poder rematar a súa titulación.

O alumnado de 3º realiza prácticas, ademais de no servizo de optometría, en residencias da 3ª idade a través do Convenio subscrito coa Consellería de Traballo e Benestar Social, cun total de 22 horas prácticas /alumno; revisando un total de 4 pacientes/alumno. O alumnado de 2º curso realiza prácticas das materias de Enfermidades Oculares I e II, na rede hospitalaria do SERGAS (ao amparo do convenio coa Consellería de Sanidade), coa que se mantén una relación continua, para una xestión máis eficaz dos tempos e días de prácticas.

No curso 13-14 o centro asignou títulos personalizados a un total de 87 alumnos para realizar o TFG. Na

oportunidade de xullo defendéronse un total de 37 Traballos, e na de setembro 15, renunciaron á matrícula no TFG 6 alumnos/as e non se presentaron 29. Ao finalizar cada unha das oportunidades reuniuse a Comisión de Título para avaliar o procedemento de defensa, xa que un dos catro tribunais que actuaron nas dúas convocatorias, paralizou o proceso de avaliación de 5 traballos fin de grao (3 na convocatoria de xullo e 2 en setembro) aplicando o Regulamento de Traballos Fin de Grao aprobado pola Facultade. Este feito ocasionou graves problemas á hora da cobertura de actas, xa que a USC non tiña previsto ningún procedemento para casos coma éste. Analizado o problema, a Comisión de Título decidiu aclarar o proceso de avaliación mediante a modificación do Regulamento de Traballos Fin de Grao (modificación que se realizará durante o curso 2014-2015).

No curso 2013-2014, o valor do indicador IN09G-PC-05, que reflicte a porcentaxe de alumnos/as nacionais de fóra de Galicia, sobre o número de matriculados, foi de 5,92% e a porcentaxe de alumnos/as estranxeiros/as, sobre matriculados, foi de 0,99% (IN08G-PC-05). A porcentaxe de estudantes recibidos no Grao a través de programas de mobilidade, sobre o total de matriculados, foi dun 0.33% (IN18G-PC-08), sendo a día de hoxe una tasa moi baixa fundamentalmente debida ás grandes diferenzas que hai no deseño curricular da Titulación nos diferentes Países Europeos. Neste senso, a Facultade estableceu os primeiros contactos con Universidades Italianas co fin de ofertar prazas de mobilidade dentro do Programa Erasmus.

Cabe salientar tamén a coordinación levada a cabo ao longo do curso 2013-14 a través de reunións da Coordinadora da Titulación cos coordinadores de curso, despois de dirixirse ao profesorado do curso correspondente. Se ben os coordinadores mantiveron unha comunicación continuada ante calquer cuestión que poidese xurdir, estableceronse dúas reunións, o 27 de febreiro e o 18 de xullo de 2014. A coordinadora do título tamén mantivo reunións cos representantes do alumnado, para coñecer as súas observacións, comentarios e/ou suxestións sobre o transcurso da docencia ao longo do curso 2013-14.

BOAS PRÁCTICAS

Incorporación do Servizo de Optometría ao sistema de oferta de Prácticas tuteladas do Grao
Comunicación continua con profesorado a través de e-mail
Mantemento da información académica actualizada na pantalla informativa do centro- taboleiros de anuncios – páxina web do centro
Comunicación vía e-mail.
Seguimento particularizado e persoalizado de Prácticas Tuteladas,
Enquisas ao titor do centro óptico no que o/a alumno/a desenvolve as Prácticas Tuteladas.
Reunións periódicas do coordinador do grao con profesorado dos cursos 1º, 2º, 3º e 4º
Realizar xestións para ofertar dúas convocatorias de Prácticas Tuteladas para o alumnado que cumpra os requisitos específicos da titulación.
Establecemento de contactos con diferentes universidades europeas para ofertar prazas Erasmus.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Mellorar o xestor de Prácticas Tuteladas na páxina web.
Elaborar unha enquisa sobre prácticas en hospitais
Modificación do regulamento do TFG
Nova Convocatoria de Prácticas Tuteladas no 1º semestre
Reunión mensual de coordinación co profesorado dos diferentes cursos, de acordo á memoria de título

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
6. Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>O problema dos recursos humanos nas titulacións da Rama de Ciencias da Saúde, é analizado no informe “Análisis de la evaluación de los planes de estudio de grado en el ámbito de las ciencias de la salud (2008-2011). Propuestas y recomendaciones”, publicado pola ANECA en febreiro de 2013. O Grao en Óptica e Optometría comparte unha grande parte do seu persoal docente con outros graos (en Física, Medicina, Bioloxía e Farmacia), e conta cun grupo de 11 profesores cun perfil adecuado ás características do título ao ser titulados en Óptica e Optometría, e que forman parte da Área propia de Optometría (aprobada polo Consello de Goberno da USC o 30/10/2013). Deles, 5 son profesores/as a tempo completo con dedicación exclusiva ao Grao, 3 son profesores asociados a tempo parcial que compatibilizan a docencia coa práctica profesional fóra do ámbito universitario, 2 son profesores interinos de substitución (incorporados en febreiro de 2013) e 1 é un Investigador do Programa Parga Pondal con dedicación de 120 horas de docencia anual.</p> <p>Este grupo de profesores asumiu dende a implantación do Grao o liderado educativo e de coordinación, impartindo ao mesmo tempo a totalidade das horas docentes que lles corresponde pola súa dedicación, cubrindo un POD para o curso 2013-14 de 2068 horas. Os profesores optometristas cubren a docencia correspondente ao módulo de optometría tal e como se está impartindo o título, aplicando un acordo coa Reitoría de redución de horas prácticas e incremento de seminarios, para axustar as horas de docencia ao número de profesorado. Así, e como sería desexable a curto prazo, se se imparte o título como consta na memoria, quedaría outra vez de manifesto a necesidade de máis profesorado optometrista. O profesorado que participa da actividade no Servizo de Optometría é da área de Optometría; concretamente as profesorass asociadas imparten toda a súa carga docente nel, participando o resto do profesorado optometristas en maior ou menor medida.</p> <p>Detectouse a necesidade de creación dunha praza de técnico de nivel superior para adecuala ás necesidades e especificidades do Servizo de Optometría.</p> <p>A implantación do 4º curso do Grao, no que hai moitas materias optativas ofertadas por diversos departamentos da USC, supuxo un aumento no número de Persoal Docente e Investigador con docencia no centro, aínda que non é persoal especializado, aumentou o número de docentes de 38 no curso 2012-2013 a 46 no curso 2013-2014, sendo a porcentaxe de profesorado funcionario dun 73.91% (IN26G-PS-01), fronte ao 81,58% do curso anterior, esta variación débese a que se ben aumentou o número de profesores/as, aumentou en menor medida o número de profesorado funcionario, xa que a docencia deixada por algunha xubilación cubriuse con profesorado asociado e con investigadores dos programas Ramón e Cajal ou Parga Pondal.</p> <p>Por outra banda, o 76,28% (IN25G-PS-01) do PDI con docencia no Grao é Doutor, fronte ao 84.21% do curso pasado. A variación deste indicador explícase do mesmo modo que o de o profesorado funcionario. Neste senso, hai que indicar que non dispoñemos de indicadores para PDI co perfil profesional de Óptico Optometrista pero si que 2 dos asociados (18.18%) que forman parte da plantilla de PDI da Área de Optometría están realizado a súa Tese de Doutoramento, e o 45.45% son doutores.</p> <p>O valor do indicador IN24G-PS-01 sinala que o 58,7% do PDI con docencia no título ten sexenios de investigación recoñecidos, o valor deste indicador tamén diminuíu con relación ao curso 2012-2013, no que foi dun 65,79%, debido fundamentalmente ao exposto nos parágrafos anteriores de xubilacións e cambios de POD do PDI dos Departamentos doutras Facultades e a incorporación de profesorado novo.</p> <p>Ademáis a Facultade conta cun déficit de PAS no Decanato, que se solventou de forma relativa coa consecución dun posto de Responsable de Unidade (antes contábase so coa secretaria da decana); e a secretaria do decanato compártese cun posto base do Decanato da Facultade de Física, así como a Responsable de Asuntos Económicos. Sinalar que o centro non conta con conxerse, só con 2 auxiliares de servizo (1 de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolven as súas tarefas na conserxería do centro, e que comparten a súa dispoñibilidade horaria coa conxesería da Facultade de Física, de xeito que en ocasións, nas que coincide o período vacacional do persoal ou citas médicas, o centro ten que permanecer pechado media xornada, ao non ter persoal de substitución, co prexuízo que isto ocasiona.</p>							

BOAS PRÁCTICAS

Conseguir a "Área Propia de Optometría" con data 30-10-2013

PROPOSTAS DE MELLORA:

Seguir con incremento de RRHH especializado en Optometría.
Incrementar o número de optometristas na Clínica Optométrica
Planificar unha política de solicitudes de persoal de administración e servicios especializado para os servizos do centro.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de “Recursos materiais e servizos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>A Facultade conta coas infraestructuras necesarias para impartir a docencia do Grao. O primeiro ano de implantación do Grao, fíxose un esforzo importante para a adecuación e dotación de equipamento dun laboratorio de uso xeral para as materias de básicas, en concreto para as materias de Microbioloxía, Bioloxía e Bioquímica. Nos últimos anos, a prórroga dos presupostos na USC e a liberación dunha parte moi pequena do presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto. Cada semestre, o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado, as propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos.</p> <p>O Centro é un dos dous centros da USC que non conta con servizo de videoconferencia, por falta de presuposto na USC. A día de hoxe, este servizo de videoconferencia non é indispensable xa que existen outras tecnoloxías que se poden implementar na Aula Magna ou nas aulas de docencia, e que fan a mesma función que a sala de videoconferencias (Skype, Adobe Connect...).</p> <p>Nun Centro cun elevado número de horas prácticas tanto clínica como non clínica, o mantemento dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Nos informes de seguimento de anos anteriores insistíamos na necesidade de renovación do material do Taller de Óptica Oftálmica, neste curso, conseguíuse a dotación, por parte da Vicerreitoría de Calidade dunha máquina de última xeración para este taller.</p> <p>A importancia do Servizo de Optometría, do Taller de Óptica Oftálmica e dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía, na consecución das competencias específicas da titulación fan necesario elaborar un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia.</p> <p>No informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14), a satisfacción do profesorado cor recursos necesarios para a docencia no centro é de 3,65 sobre 5, sendo lixeiramente inferior ao grao de satisfacción co material e servizos de apoio á docencia existentes na universidades ao que valoran cun 3,71. É necesario indicar que no centro dispónse dunha aula de informática para uso docente con 21 postos, ademáis de 5 aulas equipadas con sistemas de proxección (ordenador+canón) e 1 aula equipada cunha pizarra electrónica.</p> <p>O 97,8 % do profesorado utilizou o campus virtual como instrumento de apoio á docencia, e o 58,82% mostra o seu interese en recibir formación de apoio, tanto nas novas tecnoloxías coma en formación didáctica e pedagóxica en xeral, para mellorar na súa docencia. Estes datos considérase moi positivos.</p> <p>A Facultade conta cunha sala de lectura e cos fondos para o alumnado de Óptica e Optometría da Biblioteca intercentros Física - Óptica, dotada con 15712 monografía en papel e 425 publicacións periódicas (estes datos corresponden ao indicador IN36-PS-02, recollido no Inf. 02).</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
Tratamento efectivo e eficiente das necesidades que presenta o centro (instalacións e recursos).							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>Solicitar axuda para renovar laboratorios que habilitan para competencias específicas da titulación.</p> <p>Buscar sistemas de donación o mecenado en préstamos das empresas do sector.</p> <p>Convencer ao grupo de goberno da USC da necesidade de obtención de equipamento para laboratorios, a través de servizos de <i>renting</i> ou <i>leasing</i>.</p>							

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

No curso 2013-2014, o número de alumnos/as no Grao de Óptica e Optometría foi de 304 alumnos/as (IN02G-PC-05), dos cales 104 foron alumnos/as de novo ingreso (IN03G-PC-05), sendo 61 os/as alumnos/as que iniciaron estudos por primeira vez na Universidade (IN04G-PC-05), e 40 alumnos do curso ponte ao Grao para Diplomados en Óptica e Optometría.

Todo o alumnado accedeu ao Grao cunha media igual ou superior a seis (IN07G-PC-05), sendo a nota media de acceso por preinscrición dun 8,1 (IN06G-PC-05). Sinalar que a nota media de acceso diminuí con respecto á do curso 2012- 2013 que foi de 8,64, pola contra aumentou dun 36.67% a un 51.67% (IN10G-PC-05), o número de alumnos/as preinscritos e matriculados en primeira opción.

Segundo datos da USC, as taxas do Grao en Óptica e Optometría para o curso 2013-2014 son as seguintes:

Taxa de Rendemento (IN34G-S01-PM-01): 78.7%

Taxa de Éxito (IN35G-S01-PM-01): 86.98%

Taxa de Avaliación (IN36G-S01-PM-01): 90.47%

Taxa de Graduación (IN37G-S01-PM-01): Non se pode calcular ata o curso 2014-2015

Duración media dos estudos: 4 anos

Eficiencia dos Titulados (IN39G-S01-PM-01): 98.52%

Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G-S01-PM-01): 28.81% (a taxa de abandono é moi superior a do curso pasado que foi dun 5%)

Inserción laboral (proporcionada pola ACSUG): 70,3% (lixeramente inferior ao 88,1% do ano anterior, esta diminución pódese atribuír á crise económica que afecta a toda Europa)

Porcentaxe de actas fóra de prazo (IXA-G04): 14.77%

Satisfacción dos egresados: non houbo respostas por parte dos egresados

Das taxas das que se dispón de datos os resultados son en xeral satisfactorios, excepto a taxa de abandono no primeiro curso. O elevado valor deste indicador pode xustificarse porque dita Taxa está calculada sobre o alumnado matriculado de inicio de estudos no curso 2011-2012, e segundo o indicador IN10G-PC-05, nese curso só un 25% do alumnado matriculado tiña como primeira opción na preinscrición o Grao en Óptica e Optometría, é lóxico pensar que moitos alumnos/as puideron cambiar a súa matrícula nos seguintes cursos, a titulacións que lles resultaran máis interesantes.

No curso 2010-2011, o 43.33% do alumnado de inicio de estudos tiñan o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, e a Taxa de abandono en 1º curso foi dun 5%. Aínda que consideramos que existe unha xustificación para o valor do indicador IN40G-S01-PM-01 neste curso 2013-2014, será necesario manter unha estreita vixilancia da súa evolución.

A porcentaxe de actas fóra de prazo (IXA-G04) foi do 14,77%, e mantense respecto ao 14.88% do curso pasado. O obxectivo do centro é que este indicador teña un valor 0, e é necesario salientar que en moitos casos, as actas se firmaron o mesmo día que finalizaba o prazo de peche, pero despois das 14:00, polo que o sistema informático consideráas fóra de prazo xa que non se reciben ata o día seguinte, ademais este indicador inclúe as actas individualizadas dos TFG e as actas das Prácticas Tuteladas; que ao noso entender non deberían incluírse no dito cálculo debido a que o peche de actas é diferente por ser materias especiais. Si non consideramos o anterior, o valor do indicador sería dun 5,88%.

BOAS PRÁCTICAS

Lembrar ao profesorado, mediante correos electrónicos e chamadas telefónicas, os prazos de remate da sinatura das actas de avaliación.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>Dende a implantación do Grao, o persoal do Decanato, tanto PDI como PAS, leva facendo un enorme esforzo para atender ao desenvolvemento e implantación dos procesos de calidade no centro. Durante o curso 2013-2014, a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC implantou unha nova aplicación para a Xestión da Calidade. O persoal implicado coa calidade do centro, acudiu a varias reunións para aprender a manexar esta aplicación que xa se utilizaba para xestionar as reunións tanto da Comisión de Calidade como da Comisión de Título. Ao longo do curso 2014- 2015 esperamos profundar máis no seu manexo.</p> <p>No curso 2013-2014, redactouse un Plan Estratéxico para o centro, publicouse a Memoria de Calidade e elaborouse e publicouse o Manual Simplificado de Calidade do Centro. Ademais fixéronse varias reunións para estudar a política de calidade do centro.</p> <p>Froito de diversas reunións e Xuntas de Centro, detéctase un descoñecemento do contido do SGIC, e da importancia do seguimento da titulación, da maior parte do persoal que non ten unha implicación directa no SGIC. Tamén se detecta una participación moi baixa tanto do alumnado, actual e egresado, coma do PDI e o PAS nos procesos de calidade (enquisas de satisfacción, eleccións de representantes,...). O Centro levará a cabo accións dirixidas á concienciación da importancia de participación neste procesos para poder obter resultados fiables e mellorar o título e a Facultade.</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
<p>Elaborar memoria anual</p> <p>Procedemento de protección de datos de carácter persoal</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>Levar a cabo Xornadas informativas de implantación do SGIC no centro para PDI e PAS</p> <p>Levar a cabo Xornadas informativas do seguimento do título.</p> <p>Informar a través de todos os medios dispoñibles dos procesos de elección de representantes do estudiantado e dos pases de enquisas de satisfacción.</p> <p>Elaborar guías académicas do Centro</p>							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións: Estáse a cumprir o calendario de implantación previsto na MVT do Grao en Óptica e Optometría. No curso 2013-2014 só unha das 10 materias optativas ofertadas para o 4º curso do Grao non se chegou a impartir, porque o número de alumnos/as matriculados/as en 4º curso foi de 50, un número baixo para tantas optativas.							
BOAS PRÁCTICAS							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO	
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Incluír a taxa de rendemento na Memoria do Título	<p>O Decanato púxose en contacto coa Vicerreitoría de Titulacións da USC para coñecer cal é o proceso para solicitar a apertura da aplicación do Ministerio para incluíras partes da memoria que faltan na aplicación. O proceso pasa por solicitar a apertura á Xunta de Galicia e por elaborar un plan de viabilidade da titulación. Dito plan comenzou a elaborarse en setembro de 2014 e esperamos poder completar a memoria na aplicación ao longo do curso 2014-1015.</p> <p>Responsable: O Equipo Decanal</p>
Incluír as prácticas externas e o TFG na valoración e progreso dos resultados da aprendizaxe do estudiantado	
Incluír toda a Memoria do Título na aplicación de oficialización de Títulos do Ministerio de Educación	
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Recomendacións do informe de seguimento do curso 2012-2013	
<p>No apartado Información pública:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter completa e actualizada a información pública do Título nas distintas versións de idiomas da páxina web - Publicar na web a necesidade de acreditar B1 en lingua estranxeira para obter o Grao - Engadir información sobre o Órgano de Delegación do alumnado do Centro - Engadir información sobre os Procedementos de acollida e orientación do estudiantado de novo ingreso <p>Incorporar información sobre outros RR.HH. (non persoal docente) dispoñible para o desenvolvemento do Título.</p>	<p>No mes de Xullo do 2014, e logo da recepción do informe provisional de seguimento, realizáronse as seguintes modificacións na páxina web do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorporouse información sobre o Persoal de Administración e Servizos do Centro - Engadiuse a información sobre a xornada de acollida e orientación do alumnado de novo ingreso. <p>A principios de setembro, o Responsable de Calidade mantivo unha xuntanza cos representantes do alumnado para que lle indicaran cal era a información que querían poñer na páxina web.</p> <p>En outubro 2014 incorporouse a información á páxina web.</p> <p>Solicitouse á USC que incluíra a información da necesidade de acreditación do nivel B1 en lingua estranxeira na información do título e paralelamente incorporouse un aviso na páxina web.</p> <p>A USC ten prevista a modificación da súa páxina web, o que supón tamén a modificación das páxinas web dos centros. O Decanato ten prevista a adaptación da nova páxina mantendo a información pública nos tres idiomas (Galego, Castelán e Inglés) (Esta acción está continuamente en execución. Preténdese cambiar a páxina web durante o curso 2014-2015)</p> <p>Responsable: M^a del Carmen Bao Varela</p>
<p>No apartado Cumprimento do Proxecto establecido: No referente a Competencias/obxectivos, recomendábase</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incluír nas guías docentes información 	<p>No mes de setembro de 2014 reuníronse os/as coordinadores/as dos cursos do Grao coa Coordinadora xeral para valorar esta recomendación. A Comisión de Título decidiu elaborar un modelo de referencia para o centro con información relativa as competencias</p>

<p>relativa ás competencias concretas que se valoran nas diferentes probas</p> <p>No referente ao Sistema de Garantía de Calidade, recomendábase</p> <ul style="list-style-type: none"> - facer unha análise das queixas e suxestións presentadas coa fin de establecer Debilidades e fortalezas do Título 	<p>concretas que se valoren nas distintas materias e solicitar á USC a apertura dun novo prazo para incorporar as guías elaboradas no segundo semestre do curso 14-15. Crear na páxina web uha caixa de queixas e suxestións, que serán analizadas nos futuros informes, xunto coas presentadas de forma presencial no Decanato.</p> <p>Responsable: Equipo Decanal</p>
<p>O resto de recomendacións, que foron moitas, do informe de seguimento do curso 2012-2013 aceptáronse e leváronse a cabo na realización do informe de seguimento do curso 2013-2014. Fundamentalmente, ditas recomendacións consistían na utilización dos indicadores do SGIC para facer as reflexións, análise e propostas de mellora.</p>	
<p>INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS</p>	
<p>Recomendacións establecidas no informe final</p>	<p>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</p>

5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	Incrementar nº RRHH de profesionais en Óptica e Optometría
	Orixe	Orixe acción	O Decanato detecta déficit de profesorado especializado en Optometría (PDA – POD).
		Descrición orixe	Desde a posta en marcha do grao, detéctase que 7 docentes deben impartir un total de 2.800 horas.
	Definición	Análise causa	Desde o curso 2011 vense detectando un déficit de profesorado con perfil de Óptico Optometrista, tan só se conta con 5 profesores a TC, necesitándose como mínimo 12.
		Definición/ descrición proposta	Analízase o PDA e POD do curso 2011/12 e prevese o nº RRHH necesario a solicitar ao Rectorado para o novo curso
		Data prevista de finalización	31/12/2015
		Data inicio	01/09/2011
Responsables	Usuario responsable da implantación	Decana: Luz M. Gigirey Responsable de Calidade: Carmen Bao Varela Coordinadora do Título: M ^a Jesús Giráldez Fernández	
	Outros responsables da implantación	Decana Facultade: Luz M Gigirey Vicedecana: M Carmen Bao Varela	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		

	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	No curso 2012 incorporáronse tres novos profesores ópticos optometristas
	Data estado	28 de xaneiro de 2013
	Comprobación	Incremento da plantilla no POD do centro Esta acción de mellora programouse por 1ª vez no curso 12/13 pero o seu período de execución comprende dous cursos académicos, polo que volvemos a incorporala neste plan de melloras.
	Data comprobación	30 de maio de 2013

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	Mobilidade de estudantes
	Orixe	Orixe acción	O Decanato e a Comisión de Título detecta falta de mobilidade de estudantes
		Descrición orixe	Ata a completa implantación do grao non houbo información de cara á mobilidade internacional, por falta de convenios
	Definición	Análise causa	A falta de mobilidade está motivada polo paso dunha diplomatura (só mobilidade en SICUE) ao grao
		Definición/ descrición proposta	Promover convenios internacionais de mobilidade para estudantes

		Data prevista de finalización	30 de xullo de 2016
		Data inicio	09/09/2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Prof. Encargado da mobilidade: Jorge Gilino Coordinadora Título: M ^a Jesús Giraldez	
	Outros responsables da implantación	Decana: Luz M Gigirey Vicedecana: M Carmen Bao	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		

	Data comprobación	
--	--------------------------	--

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03	
		Tipo	Dar a coñecer a titulación á sociedade	
	Orixe	Orixe acción	Decanato, Comisión de Título e profesorado experto na Optometría	
		Descrición orixe	Alta porcentaxe de pacientes que preguntan no Centro se se fan revisións visuais	
	Definición	Análise causa	Falta de coñecemento da profesión pola sociedade	
		Definición/ descrición proposta	Campañas divulgativas e de información das funcións e competencias do Óptico Optometrista como axente de atención primaria	
		Data prevista de finalización	15 de xullo de 2016	
		Data inicio	11 de xaneiro de 2014	
Responsables	Usuario responsable da implantación	Equipo Decanal Coordinadora do Título		
	Outros responsables da implantación	Profesorado Titulación		
Tarefa1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			

	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	Esta acción de mellora programouse por 1ª vez no curso 12/13 pero o seu período de execución comprende dous cursos académicos, polo que volvemos a incorporala neste plan de melloras.
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-04
		Tipo	Incluír toda a memoria do título na aplicación do Ministerio de Educación coas modificacións recomendadas no Informe de Verificación
	Orixe	Orixe acción	As recomendacións feitas na última acreditación do título
		Descrición orixe	O último informe de seguimento do título que detectou a carencia.
	Definición	Análise causa	Informe de acreditación e informe de seguimento curso 2012/13

	Definición/ descripción propuesta	Solicitar a apertura da aplicación de verificación de títulos do Ministerio de Educación para incorporar os apartados que faltan da memoria do título
	Data prevista de finalización	31 de xullo de 2015
	Data inicio	1 de decembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	EQUIPO DECANAL
	Outros responsables da implantación	
Tarefa1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	

	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-05
		Tipo	Crear un modelo tipo de guía académica para o centro
	Orixe	Orixe acción	Informe de Seguimento curso 2012/13
		Descrición orixe	Recomendacións do Informe de Seguimento curso 2012/13
	Definición	Análise causa	
		Definición/ descrición proposta	O modelo da guía académica do centro contará coa información relativa a competencias concretas que se valoren nas diferentes materias, e solicitar á USC a súa incorporación no 2º semestre do curso 2014/2015.
		Data prevista de finalización	1 de marzo de 2015
		Data inicio	1 de novembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadora do título	
	Outros responsables da implantación	Equipo decanal	
Tarefa1	Código		

	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.